

## Descartes. Visión da realidade. Ontoloxía.

Unha vez que temos asegurada unha certeza incuestionábel (o “*cógitō, ergo sum*”) captada pola nosa razón a través da intuición, cómpre derivar dela, por medio da dedución outras verdades, máis complexas. Xa dixemos que para este labor contábamos con un inventario composto por dous elementos: o pensamento e as súas ideas. Polo tanto, Descartes terá que replegarse sobre si mesmo para dende o propio pensamento (que ten por seguro) tentar abrirse a outras realidades. Vexamos como procede na demostración da existencia da realidade a partir das ideas do seu pensamento.

### A substancia pensante.

A primeira realidade de cuia existencia non cabe dubidar é a do propio pensamento. De momento, é o único que se admite: o pensamento existe por se mesmo, con independencia da existencia de calquera outra posíbel realidade (non confirmada de momento). Eu existo como unha cousa que dubida, é decir, que pensa. Pode que non existan as cousas que percibo ou que penso, pero é imposíbel que non exista eu que as percibo e as penso. Pero, ¿que son eu? O único que podo afirmar con certeza é que dubido, afirmo, nego, imaxino, sinto, quero... teño que concebirme, en fin, como un **suxeto pensante** (nin siquiera podo asegurar que eu teña un corpo, xa que o corpo non pensa). Son, en definitiva, puro pensamento, unha *alma* (que é unha realidade totalmente distinta do corpo; consideración filosófica que denominamos **dualismo antropolóxico** ou dualismo cartesiano). O suxeito pensante é, pois, unha realidade, unha substancia, a *substancia pensante*: a *res cogitans*, unha *cousa pensante*.

### A substancia infinita.

Entre as diferentes ideas que descubre Descartes no seu pensamento atópase a idea de “*perfección*” (ou de “*infinito*”. No *Discurso do método* argumenta en base á idea de “*perfección*” e nas *Meditacións metafísicas* razonará en base á idea de “*infinito*”). ¿De onde procede a idea de “*perfección*” ou “*infinito*”? Con argumentos convincentes Descartes demostra que non é unha idea adventicia, xa que non temos experiencia da perfección, posto que somos imperfectos (nin da infinitude, xa que somos finitos); e, con argumentos menos convincentes, tratará de demostrar que tampouco é construída polo noso propio pensamento (isto é, non é unha idea facticia). Cabe somentes, pois, que sexa unha idea innata, posta en mín por un ser realmente perfecto (ou infinito): **Deus**. De novo, encontrámonos coa demostración dunha nova realidade, a partir dunha idea do noso pensamento: da idea de “*perfección*” (ou “*infinito*”), deriva a existencia da *substancia infinita* (Deus).

### A substancia extensa.

A existencia do mundo é demostrada (con excesiva simpleza) a partir da existencia de Deus: posto que Deus existe e é infinitamente bo e veraz (e non un *xenio enganador*), non pode permitir que me engane ao pensar que o mundo existe. Deus aparece, así, como unha garantía de que ás miñas ideas das cousas corresponde un **mundo**, unha realidade extramental.

*“Hai, ademais, en min certa facultade pasiva de sentir, isto é, de recibir e recoñecer as ideas das cousas sensíbeis (...) Pois, ben, non sendo Deus falaz, é de todo manifesto que non me envía esas ideas inmediatamente por si mesmo... Pois, non dándome ningunha facultade para coñecer que iso é así (senón, polo contrario, unha fortísima inclinación a crer que as ideas me son enviadas polas cousas corpóreas), mal se entendería como*

*pode non ser falaz, se en efecto esas ideas fosen producidas por outras causas diversas das cousas corpóreas. E, polo tanto, debe recoñecerse que existen cousas corpóreas.” (Meditacións metafísicas)*

Pero, aínda que o mundo exista, non é tal e como o perciben os meus sentidos, xa que estes engáñanme acerca da natureza real das cousas. Polo tanto, a única fonte fiable para poder realizar afirmacións certas sobre a materia corpórea ven dada pola razón. Namentras que os sentidos perciben as cousas corpóreas coas súas **cualidades secundarias**, sempre subxetivas, xa que dependen da nosa particular percepción dos obxectos (cor, olor, sabor, etc.), a razón comprende o mundo como extensión, figura, movemento, repouso, o que constituirían as **cualidades primarias** e obxetivas das cousas, isto é, que se encontran realmente nos obxectos. Deste xeito, en conformidade coa *Nova Ciencia* que nacera no Renacemento (séculos XV-XVI) da man de figuras de renome como Nicolás Copérnico, Galileo Galilei ou Johannes Kepler, Descartes xeometriza o mundo corpóreo: o que se pode afirmar con seguridade acerca dos corpos ten que ver con todos aqueles aspectos que son susceptibles de seren medibéis, cuantificabéis e matematizabéis (superficie, volume, peso, etc.).